Para iso, tal como dispón o artigo 135.4 da Constitución Española e o artigo 11.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, solicitou no devandito acordo, que o Congreso apreciase por maioría absoluta, se España se atopa en situación de emerxencia que permita adoptar esta medida excepcional.

O 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicita do Congreso dos Deputados a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

Coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e con efectividade desde o mesmo día en que se tomou o acordo, quedaron suspendidos durante o exercicio 2020 e 2021 os obxectivos de estabilidade e de débeda, así como a regra de gasto. Deste xeito, España deixa en suspenso o camiño de consolidación fiscal aprobada antes da crise sanitaria da Covid-19.

Posteriormente, o Consello de Ministros en data 27 de xullo de 2021 aprobou o mantemento da suspensión das regras fiscais para o 2022 e o pasado 13 de setembro de 2021, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou este acordo do Consello de Ministros de 27 de Xullo de 2021, mantendo a suspensión das regras fiscais para o 2022.

Para o 2023, por acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo de 2022 e Acordo do Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2022, mantense a dita suspensión.

Con todo, a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, nin do resto da normativa facendística, todas continúan en vigor.

Así, a suspensión das regras fiscais non supón que desapareza a responsabilidade fiscal de cada unha das administracións públicas á que se refire o artigo 8 da referida Lei Orgánica 2/2012, como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos.

É por iso que aos Orzamentos das Entidades Locais séguelles sendo de aplicación a normativa orzamentaria e por tanto, o principio de estabilidade orzamentaria.

Isto é debido a que lles é de aplicación o apartado 1 do referido artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo o que, o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, polo que a Intervención local informará sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento conforme ao SEC-10 con carácter independente, con ocasión da aprobación do orzamento xeral e a súa liquidación.

Igualmente aos Orzamentos das Entidades Locais élles de aplicación o principio de sustentabilidade financeira, en termos de débeda financeira, pois a suspensión das regras fiscais, en concreto do obxectivo de débeda pública, non implica renunciar á prudencia na xestión financeira.

O devandito cálculo da débeda financeira, tal e como dispón o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación.

Así as cousas, aínda que só con carácter meramente informativo, neste expediente inclúese o informe de Intervención de cálculo de estabilidade orzamentaria, do gasto computable para o cálculo da regra do gasto e da sustentabilidade financeira en termos de débeda financeira.

O remanente de tesourería para gastos xerais de 2023 é positivo en 397.389,24 euros. Isto pon de manifesto unha situación de liquidez e de capacidade de financiamento de modificacións orzamentarias nos termos expostos, pero non é así exactamente, aínda que a incidencia ten escasa importancia porcentual, porque, a pesar de que o último día do exercicio estaban rexistrados gastos pendentes de aplicar ao orzamento por importe de 28.495,13 €, esta Intervención, cos datos dos que dispón no día da data, ten constancia de que os gastos pendentes de aplicar ao orzamento do 2023 o último día do exercicio, deberían sumar un total de 87.569,53 euros. Isto é debido a que non estaba presentada a facturación polos provedores nese momento, e desvirtúa os resultados que ofrece o remanente de tesourería, situación que, así mesmo, é desvirtuada polos recoñecementos extraxudiciais aprobados en 2023 de gastos de exercicios anteriores e aplicados a este, por incumprimento do principio de temporalidade e de especialidade cuantitativa dos créditos para gastos, na gran parte dos casos polo data de presentación da facturación polos provedores.

Para atender algunhas destas obrigas, existían no orzamento do 2023 saldos de retencións de créditos, ou de disposicións ou compromisos de gastos, que permiten aplicar directamente ao orzamento, ata os importes correspondentes a cada unha sen necesidade de ter que acudir á figura do recoñecemento extraxudicial de créditos, por tratarse de obrigas correspondentes a compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, con créditos retidos ou en fase “D” (comprometidos), segundo autoriza o artigo 176.2.b) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, que so esixe a incorporación obrigatoria dos remanentes de crédito nos casos de proxectos de gastos con financiamento afectado, aos que se refire o seu artigo 182.3.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## 6 ESTADO DA TESOURERÍA

Dos datos obtidos da contabilidade o 31 de decembro dedúcense os fluxos netos da tesourería durante o exercicio de 2023, que se resumen no seguinte cadro:

| ESTADO DA TESOURERÍA | |
|---|---|
| **CONCEPTOS** | **IMPORTES** |
| 1. COBROS | 3.296.172,44 |
| - De orzamento | 2.892.306,54 |
| - De operacións non orzamentarias | 224.956,16 |
| -Por reintegros de pagamentos | 178.721,23 |
| -Por movementos internos | 188,51 |
| 2. PAGAMENTOS | 3.966.854,78 |
| - De orzamento | 3.691.255,65 |
| - De operacións non orzamentarias | 233.111,03 |
| -Por devolución de ingresos | 42.299,59 |
| -Por movementos internos | 188,51 |
| I. FLUXO NETO DA TESOURERÍA (1 - 2) | -670.682,34 |
| 3. SALDO INICIAL DA TESOURERÍA | 1.152.222,42 |
| II. SALDO FINAL DA TESOURERÍA (I + 3) | 481.540,08 |

## 7 PASIVOS FINANCEIROS

Co fin de determinar o estado da capacidade financeira desta Entidade para o exercicio seguinte, analízase o estado da débeda o 31 de decembro de 2023. O volume total das operacións de crédito vixentes a longo prazo o 31 de decembro de 2023, que inclúe as derivadas do PAI 2015, POS+ 2018, POS+ 2019 e POS+2020, elévase a **754.885,45** euros, que representa un **34,63%** con respecto dos dereitos correntes liquidados no exercicio de 2023, que, axustados, foron **2.179.634,64** euros, por debaixo do límite do 110 por 100 que establece o art. 53.3 do RDL 2/2004, e do 75 por 100 que establece a Disposición Final trixésima primeira da Lei 17/2013, do 27 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2.013, aplicables como límites para concertar novas operacións de préstamo. Todo isto de acordo co seguinte:

### 7.1 Características e estado da débeda

ESTADO DA DÉBEDA VIVA

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

| **Entidade: Deputación da Coruña** | **Capital Pendente de reembolso o 01.01.20223** | **Amortizacións realizadas en 2023** | **Débeda viva o 31.12.2023** | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | Pendente reembolso | Pendente dispoñer | Total |
| PAI - 2015 | 193.113,72 | | 193.113,72 | | 193.113,72 |
| POS + 2018 | 229.900,00 | | 229.900,00 | | 229.900,00 |
| POS + 2019 | 154.740,85 | | 154.740,85 | | 154.740,85 |
| POS + 2020 | 177.130,88 | | 177.130,88 | | 177.130,88 |
| TOTAIS | **754.885,45** | 0 | 754.885,45 | 0 | **754.885,45** |

Os préstamos do Concello non se teñen en conta para calcular o "nivel de débeda viva segundo o Protocolo do Déficit Excesivo (Débeda PDE)" por encontrarse en poder doutra Administración Pública: a Deputación Provincial da Coruña.

7.2 Cálculo do aforro neto

O aforro neto, segundo a definición dada polo art. 53.1 do TRLRFL, calcúlase pola diferenza entre os dereitos liquidados nos capítulos un a cinco, ambos incluídos, do estado de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos un, dous e catro do estado de gastos, minorada polo importe dunha anualidade teórica de amortización das operacións proxectadas e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso. No aforro neto non se inclúen as obrigas recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que fosen financiadas con remanente líquido de tesourería. Este cálculo ofrece os seguintes resultados para este Concello.

| **CÁLCULO DO AFORRO NETO** | |
|---|---|
| Dereitos recoñecidos no 2023: capítulos 1 a 5 | **2.137.905,05** |
| (-) Ingresos aproveitamentos urbanísticos | 0,00 |
| (+) Axuste por liquidación PIE 2020 | 41.729,59 |
| 1. TOTAL INGRESOS AXUSTADOS | **2.179.634,64** |
| 2. Obrigas recoñecidas no 2023: capítulos 1, 2 e 4 | **2.375.132,30** |
| 3. Obrigas recoñecidas, derivadas de MC, financiadas con RLTGX | 659.943,32 |
| 4. ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN (2023) | 75.488,54 |
| **6. AFORRO NETO (1-2+3-4)** | **388.957,12** |

7.3 Capital vivo das operacións de crédito vixentes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| NIVEL DE DÉBEDA VIVA | EUROS |
|---|---|
| 1) Dereitos recoñecidos no 2023 (capítulos 1 a 5) | **2.137.905,05** |
| (-) Ingresos aproveitamentos u2banísticos | 0,00 |
| (+) Axuste por liquidación PIE 2020 | 41.729,59 |
| 6) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (1-2+3) | **2.179.634,64** |
| 7) **Débeda viva concertada a largo prazo** a 31-12-2024 | **754.885,45** |
| 8) **Débeda viva concertada a curto prazo** a 31-12-2023 | 0,00 |
| 10) **Límite do 75 % dos ingresos correntes liquidados no 2023** | **1.634.725,98** |

## 8 ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Con respecto á estabilidade orzamentaria, conforme determina o artigo 16.2 do Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás entidades locais, incorpórase a este expediente o informe de Intervención de avaliación do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de estimación do gasto computable para o cálculo da regra do gasto e do nivel de débeda da liquidación do orzamento do exercicio de 2023, no que se detallan os cálculos efectuados e os axustes practicados en termos SEC-10, no que se conclúe que o resultado da avaliación é de incumprimento, debido sobre todo a utilización do remanente de tesourería para gastos xerais para financiar expedientes de modificación de créditos, aínda que, como queda exposto neste informe, con carácter meramente informativo por estar suspendida a aplicación das regras fiscais para o exercicio 2020 segundo o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 e o acordo do Congreso dos Deputados do 20 de outubro de 2020. e mantida a suspensión das ditas regras fiscais para o 2022 por acordo do Consello de Ministros de data 27 de xullo de 2021 e do Pleno do Congreso dos Deputados de 13 de setembro de 2022. Para o 2023, por acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo de 2022 e Acordo do Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2022, mantívose a dita suspensión.

Nas táboas seguintes reflíctense os resultados dos cálculos expostos:

| LIQUIDACIÓN 2023<br><br>CÁLCULO DA CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO | |
|---|---|
| **CONCEPTOS** | **IMPORTES** |
| **a) Dereitos recoñecidos capítulos I a VII do orzamento corrente** | 2.850.384,65 |
| **b) Obrigas recoñecidas nos cap. I a VII do orzamento corrente** | 3.540.846,60 |
| DIFERENZA (a – b) | -690.461,95 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| AXUSTES | |
|---|---|
| 1) Axustes recadación capítulo 1 | |
| 2) Axustes recadación capítulo 2 | |
| 3) Axustes recadación capítulo 3 | |
| 4) Axuste por liquidación PIE-2020 | 41.729,59 |
| 5) Axuste por devindicación de intereses | |
| 6) Axuste por arrendamento financeiro | |
| 7) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento | +1.818,97 |
| 8) Axuste por devolución de ingresos pendentes de imputar ao orzamento | |
| 9) Outros | |
| **c) TOTAL AXUSTES DA LIQUIDACIÓN** | 43.538,56 |
| **d) Axuste por operacións internas** | |
| **e) TOTAL NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (a-b+c)** | -646.914,39 |

**Diferenza entre o gasto computable na Liquidación do 2023 e na do 2022:**

| REGRA DO GASTO | |
|---|---|
| **Gasto computable Liquidación orzamento 2022** | |
| 1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros | 3.244.635,31 |
| 2. Axustes SEC | 10.023,49 |
| 3. Total empregos non financeiros termos SEC, agás intereses débeda (1 +/- 2) | 3.254.658,80 |
| 4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-) | 0,00 |
| 5. Gasto financiado con fondos finalistas (-) | 1.415.227,89 |
| 6. Gasto computable Liquidación orzamento 2021 (3-4-5) | 1.839.430,91 |
| 7. Gasto en investimentos financeiramente sostible excluído do computable | |
| 8. Total Gasto líquido computable Liquidación orzamento 2021 (3-4-5-7) | 1.839.430,91 |
| **Gasto computable Liquidación orzamento 2023** | |
| 1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros | 3.540.085,81 |
| 2. Axustes SEC | -1.818,97 |
| 3. Total empregos non financeiros en termos SEC, agás intereses da débeda (1 +/- 2) | 3.538.266,84 |
| 4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-) | 0,00 |
| 5. Gasto financiado con fondos finalistas (-) | 1.844.085,06 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| 6. Gasto computable Liquidación orzamento 2023 (3-4-5) | 1.694.181,78 |
| 7. Gasto en investimentos financeiramente sostible excluído do computable | |
| 8. **Total Gasto líquido computable Liquidación orzamento 2022** (3-4-5-7) | 1.694.181,78 |

**9 CONCLUSIÓNS FINAIS**

O resultado orzamentario é unha "magnitude fluxo" ao comparar os ingresos e os gastos realizados ao longo do exercicio e pon de manifesto en que medida os recursos orzamentarios foron suficientes para financiar os gastos orzamentarios, e pode ser: superávit, cando os ingresos orzamentarios superan os gastos; déficit, cando os gastos orzamentarios superan os ingresos; e equilibrio, se os ingresos e os gastos orzamentarios están equilibrados polo mesmo importe.

No exercicio de 2023, os ingresos orzamentarios non superaron aos gastos. Obtívose un resultado orzamentario negativo de -690.461,95 euros e, unha vez que se realizaron os axustes preceptivos, restando as desviacións positivas de financiamento (166.795,23 euros), sumando as negativas (372.00,34euros) e os créditos gastados financiados con remanente de tesourería para gastos xerais (659.943,44 euros), obtívose un **resultado orzamentario axustado positivo** do exercicio de **174.686,60** euros.

O **remanente de tesourería para gastos xerais** o 31 de decembro de 2023 é positivo no termos expostos, en **397.389,24** euros, o que constitúe un recurso para o financiamento de modificacións de crédito no orzamento, coas prioridades, limitacións e obrigas que impón a normativa vixente e as específicas para este exercicio xa expostas neste informe.

Para rematar, como xa se ven informando de forma habitual no expediente de aprobación da liquidación e do orzamento, aínda que este ano aínda en menor medida polos procesos para a estabilización do emprego temporal xa rematados, sinalar novamente a necesidade da cobertura de todas as prazas vacantes e tamén dos períodos de ausencias, sobre todo dos previsibles, e dunha determinación clara das xornadas, dos horarios e do calendario de traballo de todo o persoal, e do seu control, precedida de negociación, e, canto á fiscalización, insístese na necesidade de evitar que se produzan de novo casos de contratación verbal, expresamente prohibida, e remítome á efectuada durante o exercicio con motivo de cada gasto e cada ingreso que consta nos correspondentes acordos ou informes, e unirase a este expediente a relación de reparos e casos de omisión da función interventora en canto sexa remitida ao Tribunal de Contas conforme ordena a normativa.

Isto é o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina canto á liquidación do orzamento do Concello de Monfero do 2023, no entanto, a Alcaldía, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

O Secretario-Interventor
Baldomero Beceiro Alonso
DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**“INFORME DE INTERVENCIÓN**

**DE AVALIACIÓN DO CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, DA REGRA DO GASTO E DO LÍMITE DE DÉBEDA POR MOR DA APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO ANO 2023.**

Baldomero Beceiro Alonso, funcionario da Administración Local con habilitación de carácter nacional, como Secretario - Interventor do Concello de Monfero, en cumprimento do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento da lei de estabilidade orzamentaria na súa aplicación ás Entidades Locais, do artigo 4.1.b).6º do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, así como do disposto na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, informa a continuación en relación co cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, da regra do gasto e do límite de débeda da liquidación do orzamento do 2023, nos termos que se expresan neste informe.

**1. NORMATIVA REGULADORA DO PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NO SECTOR PÚBLICO LOCAL, DO CÁLCULO DA REGRA DO GASTO, DO LÍMITE DA DÉBEDA E DAS OBRIGAS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN.**

- Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade Financeira (LOEOSF).

- Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais (Regulamento).

- Orde Ministerial HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigacións de subministro de información previstas na LOEOSF (OM).

- Os documentos que aparecen na Oficina Virtual de coordinación financeira coas entidades locais, polos que se materializan as obrigas de subministración de información e os formularios deseñados pola Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais.

- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, (TRLRFL) polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en relación ao principio de estabilidade orzamentaria.

- Manual de cálculo del Déficit en Contabilidade Nacional adaptado ás Corporacións Locais, publicado pola Intervención Xeral da Administración do Estado, do Ministerio de Facenda e Función Pública (MINFFP).

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

- Guía da IGAE para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da LOEOSF para corporacións locais.

- Regulamento n.º 549/2013, do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio (DOCE 26-06-2013), que aproba o SEC 2010.

- A Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se Aproba a Estrutura dos Orzamentos das Entidades Locais

- A Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local.

- O artigo 36 da Lei 2/2011, de 4 de marzo, de economía sustentable.

- O artigo 4.1.b).6º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

- Nota sobre os cambios metodolóxicos de aplicación do novo SEC 2010 que afectan as Contas das Administracións Públicas, editado pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE)

- Acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 e Acordo do Congreso dos Deputados do 20 de outubro de 2020, polos que se suspende a aplicación das regras fiscais para os exercicios 2020 e 2021, e acordo do Consello de Ministros de 27 de xullo de 2021 e Acordo do Congreso dos Deputados do 13 de setembro de 2021, polos que se mantén a dita suspensión para o 2022 e, para o 2023, por acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo de 2022 e Acordo do Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2022, mantense a dita suspensión.

## 2. CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE

A LOEOSF establece entre os seus obxectivos garantir a sustentabilidade financeira de todas as Administracións Públicas.

Por iso, a elaboración, aprobación e execución dos orzamentos e demais actuacións que afecten os gastos ou ingresos das Entidades Locais deben realizarse baixo o cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria, de conformidade co previsto nos artigos 3 e 11 da LOEOSF.

E de igual maneira, segundo a regulación xeral, a variación do gasto computable da Administración Central, das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais, non poderá superar a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto de medio prazo da economía española.

Co obxectivo de dotar ás Entidades Locais de fontes de recursos suficientes para facer fronte á pandemia polo Coronavirus Covid-19 e seguindo as recomendacións da Comisión Europea que aplicou a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento en 2020 e que prorrogara en 2021, o Consello de Ministros en data 6 de outubro de 2020 aprobou a suspensión das tres regras fiscais.

Para iso, tal como dispón o artigo 135.4 da Constitución Española e o artigo 11.3 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, solicitou no

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

devandito acordo, que o Congreso apreciase por maioría absoluta, se España se atopa en situación de emerxencia que permita adoptar esta medida excepcional.

O pasado 20 de outubro de 2020, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou por maioría absoluta o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 polo que se solicita do Congreso dos Deputados a apreciación de que España está a sufrir unha pandemia, o que supón unha situación de emerxencia extraordinaria, co fin de aplicar a previsión constitucional que permite nestes casos superar os límites de déficit estrutural e de volume de débeda pública.

Coa apreciación adoptada pola maioría absoluta do Congreso e con efectividade desde o mesmo día en que se tomou o acordo, quedan suspendidos durante o exercicio 2020 e 2021 os obxectivos de estabilidade e de débeda, así como a regra de gasto. Deste xeito, España deixa en suspenso o camiño de consolidación fiscal aprobada antes da crise sanitaria da Covid-19.

Posteriormente, o Consello de Ministros en data 27 de xullo de 2021 aprobou o mantemento da suspensión das regras fiscais para o 2022 e o pasado 13 de setembro de 2021, o Pleno do Congreso dos Deputados aprobou este acordo do Consello de Ministros de 27 de Xullo de 2021, mantendo a suspensión das regras fiscais para o 2022.

Para o 2023, por acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo de 2022 e Acordo do Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2022, mantense a dita suspensión.

Con todo, a suspensión das regras fiscais non implica a suspensión da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, nin do resto da normativa facendística, todas continúan en vigor.

Igualmente, non supón a desaparición da responsabilidade fiscal, posto que o Goberno fixou unha taxa de déficit de referencia para as Corporacións Locais no exercicio 2021 do 0,1% do PIB que servirá de guía para a actividade municipal.

Así, a suspensión das regras fiscais non supón que desapareza a responsabilidade fiscal de cada unha das administracións públicas á que se refire o artigo 8 da referida Lei Orgánica 2/2012, como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos.

É por iso que aos Orzamentos das Entidades Locais séguelles sendo de aplicación a normativa orzamentaria e por tanto, o principio de estabilidade orzamentaria.

Isto é debido a que lles é de aplicación o apartado 1 do referido artigo 165 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, segundo o que, o orzamento xeral atenderá ao cumprimento do principio de estabilidade e do artigo 16 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Desenvolvemento da Lei 18/2001, de 12 de novembro, de Estabilidade Orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades Locais, polo que a Intervención local informará sobre a avaliación do principio de estabilidade orzamentaria en termos de capacidade ou necesidade de financiamento

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

conforme ao SEC-10 con carácter independente, con ocasión da aprobación do orzamento xeral e a súa liquidación.

Igualmente aos Orzamentos das Entidades Locais élles de aplicación o principio de sustentabilidade financeira, en termos de débeda financeira, pois a suspensión das regras fiscais, en concreto do obxectivo de débeda pública, non implica renunciar á prudencia na xestión financeira.

O devandito cálculo da débeda financeira, tal e como dispón o artigo 15 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, debe efectuarse anualmente, con ocasión da aprobación do orzamento e a súa liquidación

O artigo 11.4 da LOEOSF dispón que as Corporacións Locais deberán manter unha posición de equilibrio ou superávit orzamentario.

A estabilidade orzamentaria implica que os recursos correntes e de capital non financeiros deben ser abondo para facer fronte aos gastos correntes e de capital non financeiros. A capacidade inversora municipal virá determinada polos recursos de capital non financeiros, e os recursos correntes no empregados nos gastos correntes (aforro bruto).

O cálculo da capacidade/necesidade de financiamento nos entes sometidos a orzamento, obtense, segundo o manual da IGAE e como o interpreta a Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades locais, pola diferenza entre os importes dos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e dos capítulos 1 a 7 dos estados de gastos, previa aplicación dos axustes relativos á valoración, imputación temporal, exclusión ou inclusión dos ingresos e gastos non financeiros.

### 2.1. ENTIDADES QUE COMPOÑEN O ORZAMENTO XERAL E DELIMITACIÓN SECTORIAL DE ACORDO CO SISTEMA EUROPEO DE CONTAS NACIONAIS E REXIONAIS

Unicamente a Entidade Local, o Concello de Monfero, que non ten entes dependentes.

### 2.2. DESCRIPCIÓN DOS INGRESOS E GASTOS DE CONTABILIDADE NACIONAL, A SÚA EQUIVALENCIA EN TERMOS ORZAMENTARIOS E EXPLICACIÓN DOS AXUSTES.

Con carácter xeral, a totalidade dos ingresos e gastos non financeiros, sen prexuízo da súa reclasificación en termos de partidas de contabilidade nacional, corresponden á totalidade dos empregos e recursos que se computan na obtención da capacidade/necesidade de financiamento do subsector Corporacións Locais das Administracións Públicas da Contabilidade Nacional. As diferenzas veñen determinadas polos axustes que se describen nos apartados seguintes deste informe.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Para a realización dos axustes correspondentes, séguense as instrucións contidas no "Manual de cálculo do déficit en contabilidade nacional adaptado ás corporacións locais", elaborado pola Intervención Xeral da Administración do Estado (IGAE) e o formulario F.1.1.B1. do documento elaborado pola Subdirección Xeral de relacións financeiras coas entidades locais.

A) **INGRESOS:** Axustes a realizar

**Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos**

**AXUSTE: Adaptación ao criterio de caixa (recadación)**

En primeiro lugar, analízase o axuste dos ingresos dos capítulos I, II e III, para adaptar o principio de devindicación ao principio de caixa. Este principio xeral establece que a repercusión na capacidade/necesidade de financiamento das administracións públicas derivada deste tipo de ingresos non incluirán os importes cuxa recadación sexa incerta. Pola súa banda, o Manual da IGAE citado determina "para efectos da elaboración das contas de contabilidade nacional, as rúbricas de impostos rexistraranse polo importe total realizado en caixa en cada exercicio, xa sexa de corrente ou de exercicios pechados". O rexistro no orzamento de ingresos faise no momento no que se recoñece o dereito, que pode ser previo ou simultáneo ao cobro, segundo esteamos ante liquidacións de contraído previo ou sen contraído previo, respectivamente. O criterio para a imputación dos ingresos fiscais e asimilados, ou directamente relacionados con eles, con efecto no déficit público, é o de caixa, e non resulta necesario realizar ningún axuste deste tipo

**Capítulo 4 e 7 de Ingresos:**

**AXUSTE: Adaptación ao criterio de caixa das operacións entre Entes do grupo ou con outras administracións e sobre os fondos europeos**

Nos capítulos de ingresos IV e VII, transferencias correntes e de capital, respectivamente, e concretamente para as subvencións finalistas que recibe o Concello, tamén se deberían realizar axustes, se foran necesarios, para facer o cálculo da capacidade/necesidade de financiamento, adaptando ao principio de uniformidade de criterio (que esixe que se rexistren nas distintas unidades implicadas polo mesmo concepto, importe e período, para garantir a coherencia no tratamento das operacións para todas as unidades que interveñen nelas) e ao principio de caixa, a imputación orzamentaria e contabilización deste tipo de ingresos. Este criterio, establecido con carácter xeral pola IGAE (consulta 4/2000), adoptouse no Concello por completo con carácter xeral no exercicio 2016. O criterio que establece a Decisión 22/2005, de EUROSAT, do 15 de febreiro, para o tratamento das transferencias do orzamento comunitario aos estados membros (as subvencións recibidas directamente da Unión Europea) consiste no rexistro dos fondos, e a aprobación do recoñecemento do dereito, dentro do ano no que se realiza o recoñecemento das obrigas correspondentes e despois de que o ente que concede a axuda dite o acto de recoñecemento da súa correlativa obriga. Non se aplican axustes deste tipo no 2023 porque de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

momento non se ten coñecemento de acordos de recoñecemento das obrigas correspondentes e, polo tanto, das cantidades concretas dos fondos procedentes da UE.

**AXUSTE: Participación nos ingresos do Estado (2020)**

En contabilidade nacional, os pagos mensuais a conta dos impostos cedidos e dos Fondos complementarios de financiamento, rexístranse no período no que se pagan polo Estado, e a liquidación definitiva resultante, no momento en que se determina a súa contía e se satisface.

Pode ocorrer, sobre todo se intervén a Comunidade Autónoma como intermediaria, que se producira unha diferenza entre as obrigas que recoñeceu o Estado e as cantidades que recibiu esta entidade local, o que podería dar pé a un axuste xa que non se recoñeceu o dereito correspondente á mensualidade de decembro, pero non se realiza debido a que non se coñece se o Estado recoñeceu as obrigas correspondentes.

Outro axuste que si se fai, segundo a normativa anteriormente exposta, constitúeo o importe que se reintegrou durante o 2023 ao Estado en concepto de devolución das liquidacións negativas, polo concepto de Participación nos Tributos do Estado de 2020, que opera sumándoo aos dereitos recoñecidos netos.

**Capítulo 5 de Ingresos.**

**AXUSTE: Os intereses rexistraranse segundo o criterio de devindicación**

Non se realiza ningún axuste neste capítulo porque os depósitos bancarios non están remunerados.

**OUTROS AXUSTES EN INGRESOS:**

**Axuste por devolucións de ingresos pendentes de aplicar ao orzamento**

De acordo coa vixente Instrución de Contabilidade, as devolucións de ingresos aprobadas reflíctense contablemente só se se producen, e cando se fan efectivas, polo que, polo importe do saldo das devolucións aprobadas, efectuarase un axuste minorando os ingresos correspondentes, que non procede neste Concello por non terse realizado ningunha.

B) **GASTOS:** Axustes a realizar

**Capítulo 3 do Estado de Gastos**

**AXUSTE: Os intereses rexistraranse segundo o** criterio do devindicación

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Os intereses rexistraranse segundo o criterio de devindicación, polo tanto, deberíase deducir a parte de intereses que, pagándose no ano “n” devindícanse no ano “n-1”, e deberíase engadir a parte de intereses que se pagarán no ano “n+1”, pero que se devindicaron no ano “n”, no entanto, non é preciso realizar ningún axuste porque non se abonaron nin devindicaron intereses durante o 2022 nin durante o 2023.

**Capítulo 6 dos Gastos**

**AXUSTE: As operacións de leasing implican contabilizar polo principal unha adquisición de activo non financeiro**

Non se rexistrou ningunha operación de leasing no 2023, polo que non se realiza ningún axuste deste tipo.

**C) OUTROS AXUSTES:**

**Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento.**

A conta 413, “Acredores por operacións devindicadas”, creada en virtude da modificación dos Plans de Contas Locais aprobada pola Orde HAC/1364/2018, de 12 de decembro, para acomodar a periodicidade mínima do seu rexistro á dos requirimentos de subministración de información relacionada con ela e para eliminar a heteroxeneidade que se viña observando na súa utilización, clarificando a súa definición, para facer máis comparable a información obtida dela, recolle as débedas derivadas de gastos económicos non financeiros (tanto rematados coma en execución) e da adquisición ou construción de activos que non nazan aprazadas, en definitiva, as débedas derivadas de operacións devindicadas non rexistradas noutras contas. A modo de exemplo, incluiranse nela as débedas derivadas de alugamentos, reparacións e conservación, subministración de gas e electricidade, servizos de telefonía, gastos de persoas, subvencións concedidas, expropiacións, adquisicións de bens mobles, certificacións de obras ordinarias, liquidacións de obras... que, ao final do período, estiveran devindicadas e non imputadas ao orzamento.

Preséntase desglosada en dúas: “Acredores por operacións aplicables ao orzamento en períodos posteriores” e “Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”.

Hai que ter en conta que, segundo a Nota informativa 1/2019 da Oficina Nacional de Contabilidade, e de acordo co parágrafo 5º do Marco Conceptual da Contabilidade Pública, recoñecerase un pasivo no balance cando se considere probable que, ao seu vencemento, e para liquidar a obra, deban entregarse ou cederse recursos que incorporen rendementos económicos ou un potencial de servizo futuro e é necesario que o seu valor poida determinarse con fiabilidade. Estes requisitos

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

entenderanse cumpridos, na práctica representada a través da conta 413, unha vez verificada a existencia ou realidade do gasto, sempre que poida valorarse con fiabilidade, admitíndose para estes efectos o uso de estimacións razoables. A existencia ou realidade del verificarase coa constancia documental da recepción efectiva do ben ou servizo (ou cumprimento de condicións establecidas para o nacemento do dereito do acredor), para o que as entidades locais deberán de servirse dos instrumentos de que dispoñan (albaráns, rexistro de facturas, o propio rexistro de entrada e saída de documentos, partes de servizos extraordinarios). E, segundo resposta da IGAE á consulta da Deputación Provincial da Coruña, entenderase por data de peche, para estes efectos, a data real na que se pecha a contabilidade, non a data contable do peche, que, con carácter xeral, será o 31 de decembro, e non será precisa a conformidade nas facturas, por carecer de relevancia para estes efectos, xa que o dito rexistro só require da constancia documental da recepción efectiva e da valoración fiable.

Estamos ante obrigas respecto das que aínda non se ditou o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, pero das que se derivan bens e servizos efectivamente recibidos pola entidade, porque entre un e outro momento mediou un lapso de tempo debido a diversas circunstancias, formais na maioría dos casos.

Por dito motivo, a data do peche do exercicio, deben de rexistrarse aquelas obrigas vencidas, líquidas e polo tanto esixibles que se produciron, aínda que non se ditaran os correspondentes actos administrativos de recoñecemento e liquidación, o que impediu a súa aplicación ao orzamento vixente. Dita aplicación ten lugar, normalmente, no exercicio seguinte, unha vez ditado o devandito acto administrativo.

En contabilidade nacional, o principio de devindicación enúnciase con carácter xeral para o rexistro de calquera fluxo económico e, en particular, para as obrigas. A aplicación deste principio leva aparellado o cómputo de calquera gasto efectivamente realizado no déficit dunha unidade pública, con independencia do momento no que teña lugar a súa imputación orzamentaria.

A súa aplicación práctica implica que, se o saldo final que debería ter a conta e maior (menor) que o inicial, a diferenza dará lugar a un axuste como maior (menor) gasto non financeiro en contabilidade nacional, aumentando (diminuíndo) o déficit da corporación local.

Este axuste ten especial aplicación na fase de liquidación do exercicio. Non se trata so do gasto que se coñece como de recoñecemento extraxudicial de crédito, senón tamén daquel que non se pode tramitar administrativamente antes de finalizar o exercicio.

O importe do axuste que se estimou con motivo da subministración da información correspondente ao cuarto trimestre de 2023, calculado pola diferenza entre o saldo inicial que debía ter a conta 413 o 1-1-2023 (89.388,50) e o que tiña a 31-12-2023 cando se subministrou a información (59.427,55€), para deducir os gastos que non correspondían ao exercicio e se rexistraron nel e sumar os gastos que si correspondían a el e, sen embargo, non se rexistraron, cifrábase en 29.960,65€. Ao día da data, á vista da maior e máis actualizada información da que se dispón e de que se presentaron máis facturas correspondentes ao exercicio anterior, compróbase que o saldo que debería ter a conta 413 a 31-12-2023 é de 87.569,53€ e, polo tanto, ao comparalo co saldo definitivo que a dita conta debería ter a 1-1-2023 (89.388,50€), que o axuste a realizar é positivo e

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

diminúe a necesidade de financiamento, diminuíndo o déficit, nun importe de +1.818,97€, por ser maior o saldo inicial que debería ter esta conta que o saldo final que debería ter o 31-12-2023.

**2.3. CÁLCULO DA CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO DERIVADA DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DO 2023**

En virtude do establecido no artigo 16.2 do Regulamento, débese informar, aínda que sexa só co carácter de meramente informativo, sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade na liquidación do orzamento da propia entidade e dos seus organismos e entidades dependentes, se os houbera, dos do artigo 4.1 do Regulamento, deixando para un informe individualizado o correspondente aos entes do artigo 4.2.

No cadro seguinte indícase a diferenza entre os dereitos recoñecidos nos capítulos 1 a 7 dos estados de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos 1 a 7 dos estados de gastos, os axustes realizados e o seu resultado, que ofrece a seguinte necesidade de financiamento.

**LIQUIDACIÓN 2023**

**CÁLCULO DA CAPACIDADE / NECESIDADE DE FINANCIAMENTO**

| CONCEPTOS | IMPORTES |
|---|---|
| **a) Dereitos recoñecidos capítulos I a VII do orzamento corrente** | 2.850.384,65 |
| **b) Obrigas recoñecidas nos cap. I a VII do orzamento corrente** | 3.540.846,60 |
| DIFERENZA (a – b) | -690.461,95 |
| **AXUSTES** | |
| 1) Axustes recadación capítulo 1 | |
| 2) Axustes recadación capítulo 2 | |
| 3) Axustes recadación capítulo 3 | |
| 4) Axuste por liquidación PIE-2020 | 41.729,59 |
| 5) Axuste por devindicación de intereses | |
| 6) Axuste por arrendamento financeiro | |
| 7) Axuste por gastos pendentes de aplicar ao orzamento | +1.818,97 |
| 8) Axuste por devolución de ingresos pendentes de imputar ao orzamento | |
| 9) Outros | |
| **c) TOTAL AXUSTES DA LIQUIDACIÓN** | 43.548,56 |
| **d) Axuste por operacións internas** | |
| **e) TOTAL NECESIDADE DE FINANCIAMENTO (a-b+c)** | -646.914,39 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

## 3. GASTO COMPUTABLE REGRA DE GASTO

O artigo 12 da LOEOSF esixe tamén ás Entidades Locais que a variación do gasto non supere a taxa de referencia de crecemento do PIB, correspondendo ao Ministerio a súa determinación.

Para as corporacións locais cúmprese a regra do gasto, se a variación, en termos SEC-10, do gasto computable de cada corporación local, entre dous exercicios económicos, non supera a taxa de referencia de crecemento do Produto Interior Bruto (TRCPIB) de medio prazo da economía española, modificado, no seu caso, no importe dos incrementos e/ou diminucións permanentes de recadación derivados de cambios normativos.

Segundo o acordo do Consello de Ministros de 6 de outubro de 2020 e o Acordo do Congreso dos Deputados de 20 de outubro de 2020, polos que se suspende a aplicación das regras fiscais nos exercicios de 2020 e 2021, e o acordo do Consello de Ministros de data 27 de xullo de 2021, que aprobou o mantemento da suspensión das regras fiscais para o 2022, e do Pleno do Congreso dos Deputados de 13 de setembro de 2021, que aprobou este acordo do Consello de Ministros de 27 de Xullo de 2021, mantendo a suspensión das regras fiscais para o 2022, que continúan suspendidas para 2023 por acordo do Consello de Ministros de 26 de xullo de 2022 e Acordo do Congreso dos Deputados do 22 de setembro de 2022, NON SE AVALÍA o cumprimento da REGRA DO GASTO, só se deixa constancia do gasto computable da liquidación do 2022 e do da liquidación do 2023 co resultado de que este último é moi superior ao do exercicio anterior, debido sobre todo a utilización do Remanente de Tesourería para Gastos Xerais para o financiamento de expedientes de modificación de crédito.

### Cálculo do gasto computable

O parágrafo 2 do nomeado artigo 12 establece como se determina o volume do gasto computable

“2.- Entenderase por gasto computable para os efectos previstos no parágrafo anterior, os empregos non financeiros definidos en termos do sistema Europeo de contas Nacionais e Rexionais, excluídos os intereses da débeda, o gasto non discrecional en prestacións por desemprego, a parte do gasto financiado con fondos finalistas procedentes da Unión Europea e doutras administracións públicas e as transferencias ás comunidade autónomas e ás corporacións locais vinculadas aos sistemas de financiamento”.

### Consideracións

Na obtención do gasto computable dunha entidade nun exercicio, terase en conta o seguinte para o seu cálculo:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

(+) Empregos (gastos) non financeiros, suma dos capítulos 1 a 7 dos gastos, excluídos os intereses da débeda.

Se parte das obrigas recoñecidas en n-1 (se non está liquidado, da estimación da liquidación), coas observacións anteditas.

Do capítulo 3 dos gastos financeiros unicamente agregaranse os gastos de emisión, formalización, modificación e cancelación de préstamos, débedas e outras operacións financeiras, así como os gastos por execución de avais. Subconceptos 301, 311, 321, 331 e 357.

(+/-) Axustes do cálculo dos empregos non financeiros segundo o SEC-10.

Para a determinación dos axustes e o seu importe, hase considerar o punto 1, "Cálculo dos empregos non financeiros, excluídos intereses, para unidades sometidas a un Plan Xeral de Contabilidade Pública", da "Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para as corporacións locais".

(-) Pagamentos por transferencias (e outras operacións internas) a outras entidades que integran a corporación local.

Para a determinación deste importe, hase considerar o punto 3, "Consolidación de transferencias", da "Guía para a determinación da Regra do Gasto do artigo 12 da Lei 2/2012, orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira para as corporacións locais"

(-) A parte do gasto non financeiro financiado con fondos finalistas procedentes de: Unión Europea, Estado, Comunidade Autónoma, Deputacións e outras Administracións Públicas. Exclúese no cálculo o importe dos capítulos 4 e 7 de ingresos deducidos os conceptos 420, 450, 470, 480, 720, 770 780, para determinar os gastos financiados por administracións públicas.

(-) Transferencias por fondos dos sistemas de financiamento.

Aplicable aos fondos dos sistemas de financiamento dados polas deputacións Forais do País Vasco á Comunidade autónoma así como os dados polos Cabildos Insulares aos Concellos Canarios.

Sobre o importe resultante aplícase a taxa de referencia de crecemento do PIB que fixa o MINF, que, como queda dito, para o 2023 está suspendida.

No artigo 12.4) establécese que, cando se aproben cambios normativos que supoñan aumentos permanentes da recadación, o nivel do gasto computable resultante da aplicación da Regra do Gasto nos anos en que se obteñan os aumentos de recadación, poderase aumentar na contía equivalente.

Ao respecto, deberá tomarse en consideración, se for o caso, as previsións do Plan de Axuste en materia de ingresos procedentes de cambios de ordenanzas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

A sensu contrario cando se aproben cambios normativos que supoñan diminucións permanentes da recadación, deberían considerarse para minorar o cálculo

**Diferenza entre o gasto computable na Liquidación do 2023 e na do 2022:**

| REGRA DO GASTO | |
|---|---|
| **Gasto computable Liquidación orzamento 2022** | |
| 1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros | 3.244.635,31 |
| 2. Axustes SEC | 10.023,49 |
| 3. Total empregos non financeiros termos SEC, agás intereses débeda (1 +/- 2) | 3.254.658,80 |
| 4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-) | 0,00 |
| 5. Gasto financiado con fondos finalistas (-) | 1.415.227,89 |
| 6. Gasto computable Liquidación orzamento 2022 (3-4-5) | 1.839.430,91 |
| 7. Gasto en investimentos financeiramente sostible excluído do computable | |
| 8. Total Gasto líquido computable Liquidación orzamento 2022 (3-4-5-7) | 1.839.430,91 |
| **Gasto computable Liquidación orzamento 2023** | |
| 1. Suma capítulos 1 a 7, deducidos gastos financeiros | 3.540.085,81 |
| 2. Axustes SEC | -1.818,97 |
| 3. Total empregos non financeiros en termos SEC, agás intereses da débeda (1 +/- 2) | 3.538.266,84 |
| 4. Transferencias entre unidades que integran a Corporación local (-) | 0,00 |
| 5. Gasto financiado con fondos finalistas (-) | 1.844.085,06 |
| 6. Gasto computable Liquidación orzamento 2023 (3-4-5) | 1.694.181,78 |
| 7. Gasto en investimentos financeiramente sostible excluído do computable | |
| 8. **Total Gasto líquido computable Liquidación orzamento 2023** (3-4-5-7) | 1.694.181,78 |

## 4. CUMPRIMENTO DO LÍMITE DE DÉBEDA

A LOEOSF (art. 13) establece a obriga de non superar o límite de débeda pública pero non se determinou o PIB para o cálculo en termos de ingresos non financeiros, polo que o informe sobre

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

este extremo redúcese a calcular o "nivel de débeda viva segundo o Protocolo do Déficit Excesivo" e o "nivel de débeda viva a curto prazo" e iso aínda que está suspendida a aplicación desta regra no exercicio que se liquida, como xa se indicou repetidamente neste informe, polo que só se analiza con carácter meramente informativo.

Os modelos deseñados pola Subdirección Xeral de Relacións Financeiras coas Entidades Locais para a remisión de información por parte do Interventor municipal por mor da execución do orzamento de 2023, que se cumprimentaron a través da plataforma habilitada na Oficina Virtual do MINF, utilizaba o apuntado criterio de débeda segundo o Protocolo de déficit excesivo, que é máis amplo que o que se ha utilizar para estimar a porcentaxe de débeda viva en termos do artigo 53 do TRLRHL para novas concertacións de préstamos.

O aforro neto, segundo a definición dada polo art. 53.1 do TRLRFL, calcúlase pola diferenza entre os dereitos liquidados nos capítulos un a cinco, ambos incluídos, do estado de ingresos e as obrigas recoñecidas nos capítulos un, dous e catro do estado de gastos, minorada polo importe dunha anualidade teórica de amortización das operacións proxectadas e de cada un dos préstamos e empréstitos propios e avalados a terceiros pendentes de reembolso. No aforro neto non se incluirán as obrigas recoñecidas, derivadas de modificacións de créditos, que fosen financiadas con remanente líquido de tesourería.

Co fin de determinar o estado da capacidade financeira desta Entidade para o exercicio seguinte, analízase o estado da débeda o 31 de decembro de 2023. O volume total das operacións de crédito vixentes a longo prazo o 31 de decembro de 2023, que inclúe as derivadas do PAI 2015, POS+ 2018, POS+ 2019 e POS+2020, elévase a **754.885,45** euros, que representa un **34,63%** con respecto dos dereitos correntes liquidados no exercicio de 2023, que, axustados, foron **2.179.634,64** euros, por debaixo do límite do 110 por 100 que establece o art. 53.3 do RDL 2/2004, e do 75 por 100 que establece a Disposición Final trixésima primeira da Lei 17/2013, do 27 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2.013, aplicables como límites para concertar novas operacións de préstamo.

Todo isto de acordo co seguinte:

| **CÁLCULO DO AFORRO NETO** | |
|---|---|
| Dereitos recoñecidos no 2023: capítulos 1 a 5 | **2.137.905,05** |
| (-) Ingresos aproveitamentos urbanísticos | 0,00 |
| (+) Axuste por liquidación PIE 2020 | 41.729,59 |
| 1. TOTAL INGRESOS AXUSTADOS | **2.179.634,64** |
| 2. Obrigas recoñecidas no 2023: capítulos 1, 2 e 4 | **2.375.132,30** |
| 3. Obrigas recoñecidas, derivadas de MC, financiadas con RLTGX | 659.943,32 |
| 4. ANUALIDADE TEÓRICA DE AMORTIZACIÓN (2023) | 75.488,54 |
| **6. AFORRO NETO (1-2+3-4)** | **388.957,12** |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O volume da débeda viva do Concello de Monfero en termos de porcentaxe sobre os ingresos correntes axustados e coas salvidades expostas, minorado nos ingresos afectados, é a que resulta da seguinte táboa:

| **NIVEL DE DÉBEDA VIVA** | **EUROS** |
|---|---|
| 1) Dereitos recoñecidos no 2023 (capítulos 1 a 5) | **2.137.905,05** |
| (-) Ingresos aproveitamentos urbanísticos | 0,00 |
| (+) Axuste por liquidación PIE 2020 | 41.729,59 |
| 6) TOTAL INGRESOS AXUSTADOS (1-2+3) | **2.179.634,64** |
| 7) **Débeda viva concertada a largo prazo** a 31-12-2023 | **754.885,45** |
| 8) **Débeda viva concertada a curto prazo** a 31-12-2023 | 0,00 |
| 10) **Límite do 75 % dos ingresos correntes liquidados no 2023** | **1.634.725,98** |

Polo que se informa que **o aforro neto** do Concello de Monfero calculado por mor da liquidación do 2023 é positivo e o nivel de débeda **está por baixo do 110 % dos ingresos correntes liquidados,** límites previstos segundo o artigo 53 do TRLRFL, **e tamén por baixo** do límite **do 75 %** dos ditos ingresos que establece a Disposición final trixésima primeira da Lei 17/2012, do 27 de decembro, de Orzamentos xerais do Estado para o ano 2.013, aplicables como límites para concertar novas operacións de préstamo no 2023. Os préstamos do Concello non se teñen en conta para calcular o "nivel de débeda viva segundo o Protocolo do Déficit Excesivo (Débeda PDE)" por encontrarse en poder doutra Administración Pública: a Deputación Provincial da Coruña.

## 5. CONCLUSIÓNS SOBRE O CUMPRIMENTO DO OBXECTIVO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, REGRA DO GASTO E NIVEL DE DÉBEDA.

**Como xa se informou repetidamente neste documento, debido a suspensión das regras fiscais nos exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 polo Goberno do Estado, o contido deste documento ten carácter meramente informativo, así como as súas conclusións, no sentido de que a Liquidación do Orzamento Xeral do exercicio de 2023 do Concello de Monfero, NON CUMPRE o PRINCIPIO DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA, cifrándose a necesidade de financiamento en 646.914,39 euros, o gasto computable para o cálculo da REGRA DO GASTO deducido da liquidación do 2023 é inferior ao deducido da liquidación do 2022, e CUMPRE co OBXECTIVO DE DÉBEDA PÚBLICA.**

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Alcaldía, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

O Secretario-Interventor
DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE"

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**3. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 83/2024, DE 18 DE MARZO, DE APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO NOMEADO MODIFICADO DE PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO NA ACEA, MEDIANTE FORMACIÓN DE ESCOLLEIRA, PARROQUIA DE SAN FIZ. MARZO DE 2024**

O Sr. Alcalde manifesta que se trata dunha modificación técnica que lle houbo que facer á escolleira que se vai facer na Acea, que en principio pensaron que era coma unha escolleira dunha autopista pero que estaban totalmente equivocados e que viñeron da Deputación, se lles ensinou e se corrixiu o asunto. Reitera que son modificacións técnicas do Plan Provincial.

A resolución da Alcaldía núm. 83/2024, de 18 de marzo de 2024, que se somete á ratificación do Pleno da Corporación, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

**“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: 2ª MODIFICACIÓN PROXECTO POS+ ADICIONAL 2/2023 (2ª Fase)**

**EXPEDIENTE: 2024/G003/000084**

**ANTECEDENTES:**

Logo de ver o requirimento efectuado pola Deputación provincial relativo á documentación do Plan POS+ Adicional 2/2023 2ª fase, de referencia “rexistro saída núm.202499900000355”, sobre as deficiencias detectadas no proxecto técnico modificado, e o novo proxecto técnico modificado, de marzo de 2024, e considerando que as modificacións que contén afectan exclusivamente a cuestións técnicas e que non varía o seu importe, localización nin terreos afectados.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local e por razóns de urxencia, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Aprobar a segunda modificación do proxecto nomeado, “MODIFICADO DE PROYECTO ACONDICIONAMENTO DE CAMIÑO NA ACEA, MEDIANTE FORMACIÓN DE ESCOLLERA, PARROQUIADE SAN FIZ. MARZO DE 2024”, redactado por D. Antonio López Rodríguez, Arquitecto, contratado para o efecto, cun orzamento de 45.832,15€.

SEGUNDO.- Proceder ao seu envío á Deputación provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que celebre, para a súa ratificación, á que queda vinculada

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde
(Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

| | |
|---|---|
| O Alcalde/Presidente | O Secretario |
| Andrés Feal Varela | Baldomero Beceiro Alonso” |

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto votación. Vótase. O resultado é que a resolución da Alcaldía núm. 83/2024 é ratificada polo Pleno co voto a favor de todos os membros da Corporación. Xa que logo, o Sr. Alcalde así o declara.

**4. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 85/2024, DE 19 DE MARZO, DE APROBACIÓN DO CONVENIO E SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN DO OBRADOIRO FORESTAL LAMBRE – MANDEO 2024**

O Sr. Alcalde manifesta que se trata de ratificar o convenio que se aproba todos os anos nos obradoiros de emprego, que este ano lle toca organizar a Irixoa e que cada ano fai un concello.

A resolución da Alcaldía núm. 85/2024, de 19 de marzo de 2024, que se somete á ratificación do Pleno da Corporación, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

“**RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: APROBACIÓN CONVENIO E SOLIC SUBVENCIÓN OBRADOIRO 2024**

**EXPEDIENTE: 2024/G003/000087**

**ANTECEDENTES:**

Logo de ver a Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (Dog núm. 38 do 22 de febreiro de 2024)

Visto que como resultado das xestións realizadas entre os Concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, elaborouse polo Enxeñeiro Agrónomo, D. JOSE LUIS VARELA FERNANDEZ, o documento nomeado Proxecto básico para Obradoiro forestal Lambre Mandeo 2024 na comunidade intermunicipal Lambre Mandeo, cun orzamento total de 49.604,52 €

Logo de ver o documento elaborado por D.ª M.ª del Pilar Lage García, AEDL do Concello de Aranga, denominado “Memoria de Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2024”, cun orzamento total de 471.783,79 €.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Logo de ver o texto do convenio de colaboración a asinar entre os devanditos concellos que consta no expediente, para regular a solicitude e xestión compartida do devandito obradoiro, que beneficiaría á poboación desempregada de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior.

Visto o informe da Secretaría-Intervención do día da data e demais documentación que así mesmo consta no expediente electrónico.

En base ás facultades que me confire a lexislación vixente, e no exercicio da autorización xenérica concedida polo Pleno da corporación para a aprobación e sinatura de convenios con outras Administracións Públicas para a solicitude de subvencións acordada na sesión celebrada o 19/07/2023.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

1. Aprobar, para os únicos efectos da súa sinatura e solicitude da subvención á que se refire, e por razóns de urxencia, economía de trámite, eficacia e economía, o convenio administrativo de colaboración que se reproduce deseguido como anexo para a solicitude de subvención e xestión compartida do proxecto denominado Obradoiro Forestal Lambre Mandeo 2024 nos concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, todos eles limítrofes, ao que se fai referencia no parágrafo seguinte e adoptar os acordos que se conteñen no devandito convenio, e solicitar á subvención á que se refire por un importe de 410.524,00 €.

2. Aprobar o documento nomeado Proxecto básico de Obradoiro Forestal Lambre Mandeo 2024 na comunidade intermunicipal Lambre Mandeo, cun orzamento total de 49.604,52 €

3. Aprobar o documento nomeado "Memoria de Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2024",, redactado por Dª. María del Pilar Lage García (AEDL do Concello de Aranga), cun orzamento total de 471.783,79 €.

4. Delegar no Concello de Vilarmaior as facultades e actuacións para a formalización da solicitude de subvención para o dito proxecto, ao abeiro da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade, e determinar que o ámbito territorial de xestión é o dos municipios de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior.

5. Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na devandita orde do 7 de febreiro de 2024, tendo en conta que, en principio e segundo o proxecto, o importe total das achegas municipais é de 61.259,80€, dos que 11.655,28€ corresponden a gastos de funcionamento non subvencionables e financiaranse a partes iguais entre os catro concellos, entendendo que a cuarta parte desta cantidade, 2.913,82€, será a cota municipal equitativa que lle corresponde a este Concello, e que se compromete a achegar con cargo ao orzamento municipal, así como a parte que corresponda dos 49.604,52 restantes, correspondentes á realización do proxecto aprobado, que inicialmente é de 14.680,16 €.".

6. Declarar que non se solicitaron nin se concederon a esta entidade outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

7. Declarar que esta entidade non solicitou nin participa en ningún outro Obradoiro ao abeiro desta orde de convocatoria.

8. Declarar que este Concello dispón das autorizacións administrativas esixibles do organismo competente en materia de Patrimonio.

9. Comprometerse á execución da actividade segundo a porcentaxe da subvención.

10. Autorizar á Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade para que comprobe os datos persoais que considere oportunos a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade (SVDI) do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

11. A solicitude da subvención e a xestión do proxecto será realizada polo Concello de Vilarmaior, que actuará como entidade promotora, incluíndo aspectos materiais, técnicos ou de servizo, de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 40/2015, do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.

12. Designar a D. Carlos Vázquez Quintián, Alcalde do Concello de Vilarmaior, como coordinador, interlocutor, preceptor da axuda solicitada e responsable da súa xustificación, se for o caso.

13.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que celebre para a súa ratificación, á que queda vinculada.

ANEXO

**CONVENIO DE COLABORACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE OS CONCELLOS DE ARANGA, IRIXOA, MONFERO E VILARMAIOR PARA A SOLICITUDE CONXUNTA DUNHA SUBVENCIÓN PARA A EXECUCIÓN DUN OBRADOIRO DUAL DE EMPREGO AO ABEIRO DA ORDE DO 07 DE FEBREIRO DE 2024 DA CONSELLERÍA DE PROMOCIÓN DO EMPREGO E IGUALDADE.**

En Vilarmaior, marzo de dous mil vinte e catro, REÚNENSE:

Dunha parte don Alberto Platas Álvarez e DNI nº 79.322.355R, en nome e representación do Concello de ARANGA, con CIF nº P1500300G e domicilio en Praza Mestre Mosquera (Ponte-Aranga) 15317 Aranga.

Doutra parte don Antonio Deibe Sanmartín, e DNI nº 32.625.692-P, en nome e representación do Concello de IRIXOA, con CIF nº P1504000-I e domicilio en Pazo de Irixoa, nº 6-A (15313 - Irixoa).

Doutra parte don Andrés Feal Varela, e DNI nº 32.628.353R, en nome e representación do Concello de MONFERO, con CIF nº P1505100F e domicilio en Rebordelo 15619 Monfero.

E doutra parte don Carlos Vázquez Quintián, e DNI nº 32.663.674-V en nome e representación do Concello de VILARMAIOR, con CIF nº P1509200J e domicilio en Armada nº 1, 15637 Vilarmaior.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

Comparecen as partes actuando no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñecéndose mutuamente plena capacidade legal para subscribir o presente documento conforme ao determinado na normativa vixente.

Da fe do acto, Dona Rosa Novoa Paseiro, Secretaria-Interventora do Concello de Vilarmaior.

**E X P O Ñ E N :**

Primeiro.- A Xunta de Galicia ten convocado, mediante Orde do 07 de febreiro de 2024, axudas e subvencións para os obradoiros duais de emprego da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2024 (código de procedemento TR353A), coa finalidade de mellorar a ocupabilidade das persoas desempregadas que teñan unha idade igual ou superior a dezaoito anos de idade, mediante a realización de obras ou prestación de servizos de utilidade pública ou interese social que posibiliten aos alumnos e alumnas participantes a realización dun traballo efectivo que, xunto coa formación profesional para o emprego recibida, procure a súa cualificación profesional e favoreza a súa posterior inserción no mercado de traballo.

Segundo.- Tanto a Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, como a Lei 5/1997 de 22 de xullo da Administración Local de Galicia e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

O artigo 11 desta última establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño. De feito os 4 concellos, xunto coa Deputación Provincial da Coruña teñen establecida unha comunidade, sen personalidade xurídica, para a cooperación en obras, servizos e actividades, denominada Comunidade Intermunicipal Lambre-Mandeo de servizos públicos consorciados.

Terceiro.- Os concellos reunidos entenden que a organización dun obradoiro de emprego denominado "OBRADOIRO FORESTAL LAMBRE-MANDEO 2024" redundará no beneficio da poboación desempregada e, en consecuencia, na súa mellora social e na súa economía, e que a súa solicitude e xestión compartida será máis eficaz e optimizará a utilización dos recursos de todos eles.
Polo exposto, conveñen nas seguintes

**C L Á U S U L A S :**

1) Os concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior establecen o presente convenio para colaborar na solicitude, organización e xestión compartida dun obradoiro dual de emprego denominado Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2024, dentro dos programas mixtos de formación e emprego da Comunidade Autónoma de Galicia. Non se crea unha nova persoa xurídica, polo que a capacidade de obrar remítese á que posúen cada un dos concellos. O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto será o dos catro municipios conveniados.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

2) O Alcalde-Presidente do Concello de Vilarmaior queda facultado para solicitar, en nome e representación dos concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior, unha subvención á Xunta de Galicia, para o financiamento dun obradoiro de emprego denominado Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2024, ao abeiro da convocatoria da Orde do 07 de febreiro de 2024 da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade (DOG nº 38 do 22-02-2024), segundo a "Memoria de Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2024", elaborada pola Axente de Emprego e Desenvolvemento Local do Concello de Aranga, D.º Pilar Lage García, cun orzamento total do plan formativo de 471.783,79 €., dos que 410.524,00 €, constitúen o importe da subvención solicitada.

3) O Concello de Vilarmaior encargarase da tramitación da solicitude, en nome e representación dos concellos agrupados, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade do 07 de febreiro de 2024 e das demais actuacións necesarias para a posta en funcionamento, execución e xustificación do Obradoiro Forestal Lambre-Mandeo 2024**"**, no caso de que se resolva  positivamente a solicitude. A impartición do obradoiro farase nos lugares indicados no proxecto e acordados polos catro concellos. Os medios de traballo, os gastos de funcionamento e todos os necesarios para o desenvolvemento do obradoiro, financiaranse con cargo a subvención que se obteña da Consellería e, na parte que corresponda á aportación municipal, segundo o establecido no proxecto, con cargo aos orzamentos municipais de cada un dos concellos. En concreto os gastos de funcionamento non subvencionables, 11.655,27€ financiaranse a partes iguais por cada un dos concellos, e o resto 49.604,52 € se financiará por cada concello de acordo co proxecto redactado polo Enxeñeiro Agrónomo José L. Varela Fernández.

4) A selección do alumnado - traballador, así como a do persoal directivo, docente e administrativo de apoio realizarase de conformidade co establecido na Orde do 07 de febreiro de 2024, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 38 do 22 de febreiro de 2024. Os colectivos preferentes dos programas serán todos os que se establecen no art. 11 da dita Orde e no ámbito territorial dos catro concellos participantes.

5) O obradoiro terá a duración de 9 meses e o contido formativo que na dita Orde se establece ou, no seu caso, na orde de outorgamento da subvención, recollido na memoria do obradoiro.

6) O convenio ten natureza administrativa e terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión, execución e xustificación do seu obxecto.

7) O órgano de coordinación e seguimento será unha comisión formada polos alcaldes dos concellos de Aranga, Irixoa, Monfero e Vilarmaior e un representante máis de cada concello, ben con carácter de corporativo ou ben pertencente ao seu persoal. Actuará como secretario a Secretaria-Interventora do Concello de Vilarmaior, sen prexuízo do apoio que poida requirir do conxunto do persoal dos catro concellos conveniados. A comisión de coordinación terá as reunións extraordinarias que se precisen.

En proba da súa conformidade asinan dixitalmente, na sala de sinaturas, na data e lugar indicados.

| O ALCALDE | O ALCALDE | O ALCALDE |
|---|---|---|
| Polo Concello de Aranga | Polo Concello de Irixoa | Polo Concello de Monfero |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O ALCALDE
Polo Concello de Vilarmaior

DOU FE:
A secretaria- interventora de Vilarmaior

Rosa Novoa Paseiro

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde (Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde/Presidente
Andrés Feal Varela

O Secretario
Baldomero Beceiro Alonso"

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto votación. Vótase. O resultado é que a resolución da Alcaldía núm. 85/2024 é ratificada polo Pleno co voto a favor de todos os membros da Corporación. Xa que logo, o Sr. Alcalde así o declara.

**5. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 97/2024, DE 27 DE MARZO, DE APROBACIÓN DA REVISIÓN DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES CON REFERENCIA AO 1 DE XANEIRO DE 2024.**

O Sr. Alcalde manifesta se trata de aprobar o Padrón de Habitantes con referencia ao 1 de xaneiro, onde temos 1.832 habitantes en Monfero.

A resolución da Alcaldía núm. 97/2024, de 27 de marzo de 2024, que se somete á ratificación do Pleno da Corporación, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

**"RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: Revisión anual do Padrón Municipal de Habitantes. PROPOSTA DE CIFRA POBOACIÓN 01/01/2024**

**EXPEDIENTE: 2024/G003/000102**

**ANTECEDENTES:**

Logo de ver a lexislación aplicable, o procedemento a seguir en relación coa Revisión anual do Padrón municipal de habitantes, as actuacións levadas a cabo no Concello con respecto a este,

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

durante o exercicio anterior (2023), das que resultan as cifras e a documentación do expediente núm. 2024/X999/000015.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO: *Aprobar a revisión do Padrón municipal de habitantes con referencia ao 1 de xaneiro de 2024, sendo a poboación resultante de 1832 habitantes*, segundo dedúcese das alteracións introducidas no Padrón Municipal de Habitantes, de acordo co establecido no artigo 81 do Regulamento de Poboación e Demarcación Territorial das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 1690/1986, do 11 de xullo, modificado polo Real Decreto 2612/1996, do 20 de decembro e Resolución do 13 de setembro de 2018, da Subsecretaría, pola que se publica a Resolución do 20 de xullo de 2018, da Presidencia do Instituto Nacional de Estatística e da Dirección Xeral de Cooperación Autonómica e Local, sobre instrucións técnicas aos Concellos sobre a revisión anual do padrón municipal e o procedemento de obtención da proposta de cifras oficiais de poboación.

SEGUNDO: Que se remitan os resultados numéricos da revisión anual ao Instituto Nacional de Estatística (INE), a través da aplicación web DA-Padrón; no ficheiro denominado CppmmmAI.aaa.

TERCEIRO: Que se comunique, electronicamente, á Delegación provincial do Instituto Nacional de Estatística os resultados numéricos da revisión anual.

CUARTO: Dar conta da presente Resolución ao Pleno para a súa ratificación, á que queda vinculada.

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde
(Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

| O Alcalde/Presidente | O Secretario |
|---|---|
| Andrés Feal Varela | Baldomero Beceiro Alonso” |

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto votación. Vótase. O resultado é que a resolución da Alcaldía núm. 97/2024 é ratificada polo Pleno co voto a favor de todos os membros da Corporación. Xa que logo, o Sr. Alcalde así o declara.

**6. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 107/2024, DE 2 DE ABRIL, DE APROBACIÓN DE PROXECTOS MODIFICADOS DO PLAN PROVINCIAL POS+ 2024**

O Sr. Alcalde manifesta que é outro modificado que lle houbo que facer ao Plan Provincial, que son cousas técnicas que pide a Deputación, nada máis, que non se modifica o orzamento.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

# CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

A resolución da Alcaldía núm. 107/2024, de 2 de abril de 2024, que se somete á ratificación do Pleno da Corporación, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese textualmente a continuación:

**“RESOLUCIÓN**

**ASUNTO: PLAN PROVINCIAL POS+ 2024.- APROBACIÓN PROXECTOS MODIFICADOS**
**EXPEDIENTE: 2024/G003/000108**

**ANTECEDENTES:**

Logo de ver os requirimentos efectuados pola Deputación provincial sobre á documentación do Plan POS+ 2024, en concreto sobre as deficiencias detectadas nos proxectos iniciais, e os novos proxectos técnicos modificados (abril 2024) e considerando que as modificacións que conteñen afectan exclusivamente a cuestións técnicas e que non varía o seu importe, localización nin terreos afectados e a urxencia da súa emenda para a aprobación do Plan coa maior brevidade.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Aprobar os seguintes proxectos modificados:

PROXECTO 2024:

| **ACHEGA PROVINCIAL 2023 (Investimentos financeiramente sostibles)** | **FINANCIAMENTO DO INVESTIMENTO** | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | **Concello** | | | |
| **Denominación da obra ou subministración** | **Depu-tación** | **Achega municipal** | **IVE soportado deducible** (só cando sexa deducible abstect auga potable) | **Total Conce-llo** | **Orza-mento total** |
| Modificado proxecto de mellora capa rodadura camiños parroquias de Val Xestoso, Vilachá e San Fiz | 212.518,71 | 11.206,90 | 0 | 11.206,90 | 223.725,61 |
| **Subtotal investimentos achega provincial 2023** | 212.518,71 | 11.206,90 | 0 | 11.206,90 | **223.725,61** |

COMPLEMENTARIO:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| **Denominación dos investimentos financeiramente sostibles**<br><br>**(mínimo do 25% do total da achega provincial asignada: 2024+2023)** | **(A) Orzamento de contrata** | **(B) IVE soportado deducible** (encher esta columna se hai actuacións de abastecemento de auga potable con IVE deducible) | **(C)=A-B Orzamento subvencionable (Diferenza entre a columna A e a B)** |
|---|---|---|---|
| Modificado proxecto mellora capa rodadura camiños parroquias de Queixeiro, Vilachá, Taboada e Santa Xiá | 354.411,86 | 0 | 354.411,86 |

SEGUNDO.- Proceder ao seu envío á Deputación provincial, a través da plataforma SUBTEL, para o trámite correspondente.

TERCEIRO.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno da Corporación na próxima sesión que celebre, para a súa ratificación, á que queda vinculada, por tratarse de obras de plans provinciais

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo alcalde
(Asinado para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde/Presidente
Andrés Feal Varela

O Secretario
Baldomero Beceiro Alonso"

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto votación. Vótase. O resultado é que a resolución da Alcaldía núm. 107/2024 é ratificada polo Pleno co voto a favor de todos os membros da Corporación. Xa que logo, o Sr. Alcalde así o declara.

**7. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2024 NÚM. 1/2024**

O Sr. Alcalde manifesta que se trata da modificación das bases de execución do orzamento que xa se debateu o outro día na Comisión Informativa, que xa tomou un acordo que pasa ao pleno para que o pleno, se así o entende, o ratifique.

O ditame da Comisión Especial de Contas do día 18 de abril de 2024 respecto deste punto, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria do Pleno á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbense literalmente a continuación:

**"*2º.-* DITAME SOBRE O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO DO EXERCICIO DE 2024, N.º 1/2024**

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

O Sr. Alcalde manifesta que cre que todos teñen a proposta de acordo. Que mediante este expediente preténdense aprobar as subvencións nominativas, como todos os anos, para as comisións de festas e demais para o ano 2024. Que o Orzamento de 2024 está listo, pero que está pendente das reivindicacións dos sindicatos, que quedaron de presentalas hai dous meses pero que aínda non hai nada e que mentres non as presenten non se pode aprobar. Continúa, dicindo que as subvencións seguen na mesma liña de todos os anos, incluíndo dúas novidades: unha subvención máis para a Comisión de Festas de Queixeiro e outra para a Comisión de Festas de Val Xestoso. Da lectura a todas as subvencións que se propoñen. Continúa, dicindo que desta maneira as asociacións xa poden contar coas subvencións antes de aprobarse o orzamento novo, na situación actual de prórroga do do ano anterior, e que se durante o ano hai algo máis pódese habilitar máis crédito.

A proposta de acordo da Alcaldía con respecto a este punto, que consta asinada dixitalmente no correspondente expediente electrónico, transcríbese literalmente deseguido:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a modificación das bases de execución do orzamento de 2024, n.º 1/2024, e os preceptos legais de aplicación, propóñolle á Comisión Especial de Contas que adopte o seguinte acordo:

Informar favorablemente o expediente e propoñerlle ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

1.- Apreciar que nos supostos aos que se refire o expediente existen razóns obvias xustificadas de interese público, social e económico que dificultan e fan innecesaria a convocatoria pública das subvencións e condicionar a súa aprobación á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos núm. 04/2024, e entender con isto levantado o reparo da Intervención ao expediente

2.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación das bases de execución do orzamento de 2024, n.º 1/2024, que consiste en modificar a táboa que recolle as subvencións nominativas de 2024 da base n.º 14, nomeada “Subvencións”, que queda co texto que se insire a continuación, condicionando a dita aprobación á entrada en vigor do expediente de modificación de créditos núm. 04/2024:

“Base 14.- Subvencións.

Con cargo aos créditos que, se fora o caso, se consignen nas correspondentes aplicacións do orzamento de gastos, que constituirán o seu límite máximo, poderán concederse subvencións en réxime de concorrencia competitiva segundo a dispoñibilidade orzamentaria. As súas bases reguladoras apróbanse no marco das bases de execución deste orzamento segundo o seguinte. As subvencións poderán ter como finalidade a realización de actividades de carácter cultural, de ocio e tempo libre e promoción e fomento do deporte, así como os gastos de funcionamento das entidades que desenvolvan actividades desta índole. Exclúense as actividades de ocio e tempo libre que non teñan un contido predominantemente cultural ou deportivo. En ningún caso se subvencionaran comidas. Poderán ser beneficiarias todas as persoas físicas ou xurídicas, asociacións, agrupacións, comunidades veciñais, comités organizadores, etc., que teñan

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb5lLl
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

personalidade xurídica propia, dispoñan de CIF e que carezan de fins de lucro e realicen actividades de interese xeral, en especial para este municipio, domiciliadas nel, que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que non estean incursas en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que cumpran os requisitos establecidos no art. 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións. Tales extremos acreditaranse documentalmente, comprobaranse de oficio ou mediante declaración. O seu importe, xunto con outras axudas, non poderá superar o 100 por 100 do custo da actividade ou investimento. A xustificación realizarase mediante a presentación dunha declaración do beneficiario na que acredite o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e declare si se recibiron ou non outras axudas para o mesmo fin, indicando importe e entidade que a concedeu, no seu caso, e unha relación de gastos ou certificacións de obras, acompañada de facturas orixinais ou compulsadas, ou no caso de concursos, os recibos dos premios, que sumen polo menos o importe da subvención concedida. A sinatura do Sr. Alcalde na orde de transferencia acreditará tal extremo. Todo iso sen prexuízo do que se estableza para o efecto especificamente para cada subvención. Na convocatoria de cada procedemento determinarase o resto da súa regulación.

Resérvanse os créditos polos importes que se indican deseguido en concepto de subvencións nominativas ás entidades que se relacionan para os gastos que se expresan, a realizar durante o exercicio de 2024:

| **ENTIDADE BENEFICIARIA** | **CONCEPTO** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| | | |
| APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 326.48000 | | |
| Consello de Anciáns de Xestoso | Uned Sénior | 2.000,00 |
| IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN | | **2.000,00** |
| | | |
| APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 334.48000 | | |
| CPI “Virxe da Cela” | Programa ocupación tempo libre | 2.000,00 |
| Grupo folclórico, cultural e deportivo “Virxe da Cela” | Actividade asociación cultural | 2.000,00 |
| Grupo folclórico, cultural e deportivo “Virxe da Cela” | Carpa festival folclórico | 1.089.00 |
| Consello de Anciáns de Xestoso | Viaxes culturais | 500,00 |
| Asociación Veciños Santa María de Vilachá | Gastos de mantemento, reparación, conservación e funcionamento do local social e entorno e instalacións | 1.500,00 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| | e de realización de actividades | |
| Asociación Veciños Taboada | Gastos de adquisición de equipamento y realización de actividades | 1.500,00 |
| ANPA CPI "Virxe da Cela" | Actividades culturais, de tempo libre e esparcemento | 3.489,00 |
| IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN | | **12.078,00** |
| | | |
| APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.48000 | | |
| Comisión de Festas de Queixeiro | Festas do Rosario | 1.289,00 |
| Comisión de Festas de Queixeiro | Festas de San Antonio | 1.289,00 |
| Comisión de Festas de Vilachá | Festas de Santa Lucía | 1.289,00 |
| Comisión de Festas de Vilachá | Festas de Nosa Señora da Asunción | 1.289,00 |
| Comisión de Festas de San Fiz | Festas de San Pedro Fiz | 200,00 |
| Comisión de Festas de San Fiz | Carpa actividade festiva en xuño | 1.089,00 |
| Comisión de Festas de San Fiz | Festas da Pascua | 1.289,00 |
| Asociación Veciños Taboada | Festas de Santa Mariña | 1.289,00 |
| Comisión de Festas de San Bartolomeu | San Bartolomeu | 1.289,00 |
| Comisión de Festas de Val de Xestoso | Festas de San Pedro | 200,00 |
| Comisión de Festas de Val de Xestoso | Festas da Nosa Sra. dos Remedios | 200,00 |
| Comisión de Festas de Val de Xestoso | Carpa actividade festiva do 23-3-2024 | 1.089,00 |
| Comisión de Festas da Cela | Festas da Cela | 2.689,00 |
| Comisión de Festas de Lagares | Festas de San Xiao | 2.089,00 |
| Sociedade Coop. do Val de Xestoso | Feira do Grelo | 7.089,00 |
| IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN | | **23.668,00** |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 341.48000 | | |
| Club Deportivo Concello de Monfero | Actividade de fútbol sala e ciclismo | 4.000,00 |
| Fútbol Club Monfero | Actividade club | 4.500,00 |
| ANPA CPI Virxe da Cela | Actividades deportivas | 1.200,00 |
| Club V.S. Competición | Competición automobilística | 500,00 |
| Club Pantín Competición | Competición automobilística | 500,00 |
| IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN | | **10.700,00** |
| | | |
| TOTAL | | **48.446,00** |

As subvencións nominativas que se reflicten no cadro anterior, serán obxecto de convenio individual que as desenvolva de acordo co modelo aprobado polo Pleno da Corporación ou que aprobe este ou a Xunta de Goberno Local, por delegación deste, para o exercicio correspondente. Abonaranse por transferencia bancaria á conta que deberá estar aberta a nome da comisión ou persoa xurídica correspondente, logo de acreditar a personalidade, co CIF, incluso as comisións de festas, a representación, a presentación da documentación xustificativa dos gastos (facturas, etc.), a declaración na que acredite que os festexos, actividades ou finalidade da subvención leváronse a cabo, que nin o representante nin a persoa xurídica á que representa están incursos en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas, que están ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, que non teñen pendente de xustificar subvención ningunha concedida por este Concello en exercicios anteriores que estea fora de prazo, que cumpren os requisitos establecidos pola Lei 13/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e na que se faga constar se teñen ou non solicitadas e/ou concedidas outras subvencións para a realización da mesma finalidade, indicando en caso afirmativo o importe solicitado e/ou concedido e a entidade ou organismo correspondente. As comisións de festas poderán ser substituídas como organizadoras das festas por asociacións de veciños, asociacións culturais, deportivas ou similares da mesma parroquia que dispoñan de personalidade xurídica propia e o correspondente CIF e que cumpran co resto dos requisitos sinalados anteriormente. Para a percepción da totalidade da subvención para as festas cando o seu importe supere os 200,00 euros, e para a, xornada de fin de curso, e demais nas que estea previsto instalar unha carpa, será imprescindible que se instale esta para levalas a cabo e que a factura correspondente forme parte da xustificación que se presente, senón a contía máxima correspondente reducirase en 1.089,00 euros. A xustificación aprobarase ordinariamente pola Xunta de Goberno Local.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

De conformidade co establecido artigo 2.2.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, modificado polo artigo 29 da Lei 4/2021, de 28 de xaneiro, de medidas fiscais e administrativas, non teñen o carácter de subvencións as prestacións municipais de natureza similar ás sinaladas no artigo 2.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e as de carácter asistencial. Isto, segundo o oficio informativo recibido no Concello da Dirección Xeral de Inclusión social, asinado polo Subdirector Xeral de Servizos Sociais Comunitario e Xestión Económica o 11/02/2021 (CVE: CgwsN0gBR1), implica que as axudas municipais de emerxencia social, destinadas a cubrir as necesidades básicas das persoas en situación de vulnerabilidade, non teñen o carácter de subvencións, pola súa razón de prestacións asistenciais destinadas ás persoas físicas, e supón que, desde a entrada en vigor da dita norma, os concellos quedan expresamente habilitados, por ministerio da lei, para xestionar prestacións económicas de carácter asistencial sen ter que someterse ao réxime xeral da lei de subvencións e ofrécelles unha excelente oportunidade para simplificar e axilizar os procedementos de concesión das axudas municipais de emerxencia social, evitando neles a esixencia do requisito de acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas administracións públicas, pola especial situación de precariedade e de carencia de recursos das persoas solicitantes deste tipo de axudas, que en moitas ocasións supón esixirlles un imposible, por estes mesmos motivos, conduce ao absurdo e alimenta a trampa da pobreza e a exclusión social. Polo tanto, dado o carácter de prestación asistencial das axudas ao estudo e das de emerxencia social que outorga este Concello, non terán a consideración de subvencións e non terán que someterse as leis xerais de subvencións nin se lles esixirán os requisitos de acreditación de estar ao corrente das obrigas tributarias ou fronte a Seguridade Social e non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas administracións públicas, precisamente pola especial situación de vulnerabilidade ou risco dela das persoas beneficiarias deste tipo de axudas. Rexeranse pola ordenanza reguladora aprobada especificamente pola Corporación coa dita finalidade.

Así mesmo, as axudas de fomento da natalidade, outorgaranse de conformidade coa normativa municipal aprobada para o efecto"

3.- Continuar a tramitación do expediente de acordo co disposto polo art. 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei 39/1988, reguladora das facendas locais e as demais normas de aplicación, coa inmediata exposición ao público para os efectos das reclamacións.

4.- No suposto de que non se presenten reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o expediente. Deberase, pois, proceder á publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal.

Monfero, na data da sinatura dixital

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

A Sra. Voceira do PP, D.ª M.ª Belén Salido Maroño, pide a palabra e manifesta que despois de valorar a proposta da Alcaldía, observan que é máis dos mesmo, que se volve a caer no continuísmo de todos os anos, que eles están de acordo con que hai que fomentar a cultura e a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

celebración dos festexos populares para que non desaparezan e que están de acordo con que se lles axude desde o Concello, pero que consideran que as cantidades que se propoñen non se axustan a realidade dos prezos de mercado, xa que a vida subiu e tamén subiron os gastos de estas actividades. Indica a Sra. Concelleira que traen unha contraproposta para mellorar isto, que lla explica se llo aceptan. O Sr. Alcalde accede e a Sra. Concelleira explica que a súa proposta sería resumidamente a de subir as axudas ás comisións que levan carpa a 1.500,00€ e as que levan só a axuda de 200€ subirlles 300,00€ máis a cada unha. O Sr. Secretario, coa venia da Alcaldía, explica que o modelo de concesión destas axudas basease en que utilicen unha carpa ou non. Todos os concelleiros están de acordo en que se debe de realizar unha subida e, tras debater amplamente sobre os importes, consensúan realizar unha subida para a axuda ás carpas ás comisións, que quedarían nos 1.200,00€, e para as comisións de festas cando se celebra o patrón, que pasaría a ser de 400,00€, fixando estas e tamén as das demais comisións de festas e asociacións nas cantidades que se reflicten la táboa da proposta modificada, que queda redactada nos termos que figuran máis adiante neste acordo.

A continuación, a Sra. Concelleira do PP pide que se restablezan as subvencións ás sociedades de cazadores que se lles retiraron o ano anterior. O Sr. Alcalde manifesta que non está moi de acordo porque se trata de sociedades que teñen superávit que non dan gastado pero que por el non vai quedar. Consensúase neste caso unha subvención de 600,00€ para cada unha das dúas sociedades de cazadores que se incorporan a táboa da proposta de acordo modificada que se insire máis adiante.

Agora, a Sra. Voceira do PP manifesta que tamén botan en falta a subvención que o grupo de goberno prometeu á parroquia para reparar o tellado da Igrexa de Vilachá. O Sr. Alcalde contéstalle que non o teñen solicitado, que terán que constituír unha asociación e a partir de aí empezar a traballar e que xa se vería, que igual son uns 40.000€. Neste momento, o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, manifesta que a Igrexa tamén terá que achegar algo, que é para todos pero que para entrar alí hai que pedir permiso, que aínda se reuniron onte. O Sr. Alcalde concorda e di que aquelo non é de todos que é do Arcebispado e pregúntalle ao Concelleiro que quen saíu na asociación, respondéndolle este que non saíu aínda ninguén, que era unha toma de contacto.

A continuación, o Sr. Concelleiro do BNG dille ao Alcalde que deberían de poder ir ás actividades que organiza o Concello de Monfero para os nenos, todos os alumnos que van ao Colexio do Xestal, que lle parece inxusto que non poidan ir os de outros concellos. Pon como exemplo a Festa do Entroido e engade que deberían de poñerse de acordo os Alcaldes para que puideran ir todos os nenos. O Sr. Alcalde contéstalle que por el, por Monfero, non hai ningún problema en que veñan, pero que teñen que asumir a parte dos gastos que lles corresponda. Que o Concello de Monfero leva gratis aos nenos de Monfero pero non aos dos outros concellos. Que xa se ten feito algún convenio con algún concello limítrofe para levar a alumnos con residencia nese concello a actividades que organizaba Monfero, e que despois se pagou a cantidade proporcional que lle correspondeu. Que xa houbo tamén un convenio co Concello de Irixoa para que viñeran á piscina, asumindo unha parte dos gastos, pero dixeron que era moito e o deixaron. Que así se fai nos obradoiros de emprego sen ningún problema, nos que participan catro concellos, e despois se reparten os gastos. Que entende que a iniciativa lles corresponde tomala aos alcaldes dos concellos con nenos que queiran participar en actividades que organiza o de Monfero. E que non é

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

correcto o tema de que non puideron participar nenos doutros Concellos na Festa do Entroido porque foi unha actividade aberta a todos sen ningunha restrición.

Non se producen máis intervencións e o Sr. Alcalde pregunta se están todos de acordo con aprobar a proposta modificándoa coa táboa das subvencións para o 2024 que quedaría da seguinte maneira:

| **ENTIDADE BENEFICIARIA** | **CONCEPTO** | **IMPORTE** |
|---|---|---|
| | | |
| **APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 326.48000** | | |
| Consello de Anciáns de Xestoso | Uned Sénior | 2.000,00 |
| IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN | | **2.000,00** |
| | | |
| **APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 334.48000** | | |
| CPI “Virxe da Cela” | Programa ocupación tempo libre | 2.000,00 |
| Grupo folclórico, cultural e deportivo “Virxe da Cela” | Actividade asociación cultural | 2.000,00 |
| Grupo folclórico, cultural e deportivo “Virxe da Cela” | Carpa festival folclórico | 1.089.00 |
| Consello de Anciáns de Xestoso | Viaxes culturais | 500,00 |
| Asociación Veciños Santa María de Vilachá | Gastos de mantemento, reparación, conservación e funcionamento do local social e entorno e instalacións e de realización de actividades | 1.500,00 |
| Asociación Veciños Taboada | Gastos de adquisición de equipamento y realización de actividades | 1.500,00 |
| ANPA CPI “Virxe da Cela” | Actividades culturais, de tempo libre e esparcemento | 3.489,00 |
| IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN | | **12.078,00** |
| | | |
| **APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 338.48000** | | |
| Comisión de Festas de Queixeiro | Festas do Rosario | 1.600,00 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| Comisión de Festas de Queixeiro | Festas de San Antonio | 1.600,00 |
| Comisión de Festas de Vilachá | Festas de Santa Lucía | 1.600,00 |
| Comisión de Festas de Vilachá | Festas de Nosa Señora da Asunción | 1.600,00 |
| Comisión de Festas de San Fiz | Festas de San Pedro Fiz | 400,00 |
| Comisión de Festas de San Fiz | Carpa actividade festiva en xuño | 1.200,00 |
| Comisión de Festas de San Fiz | Festas da Pascua | 1.600,00 |
| Asociación Veciños Taboada | Festas de Santa Mariña | 1.600,00 |
| Comisión de Festas de San Bartolomeu | San Bartolomeu | 1.600,00 |
| Comisión de Festas de Val de Xestoso | Festas de San Pedro | 400,00 |
| Comisión de Festas de Val de Xestoso | Festas da Nosa Sra. dos Remedios | 400,00 |
| Comisión de Festas de Val de Xestoso | Carpa actividade festiva do 23-3-2024 | 1.200,00 |
| Comisión de Festas da Cela | Festas da Cela | 3.100,00 |
| Comisión de Festas de Lagares | Festas de San Xiao | 2.500,00 |
| Sociedade Coop. do Val de Xestoso | Feira do Grelo | 7.200,00 |
| IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN | | **27.600,00** |
| | | |
| **APLICACIÓN ORZAMENTARIA: 341.48000** | | |
| Club Deportivo Concello de Monfero | Actividade de fútbol sala e ciclismo | 4.000,00 |
| Fútbol Club Monfero | Actividade club | 4.500,00 |
| ANPA CPI Virxe da Cela | Actividades deportivas | 1.200,00 |
| Club V.S. Competición | Competición automobilística | 500,00 |
| Club Pantín Competición | Competición automobilística | 500,00 |
| Sociedade Deportiva de Cazadores de Xestoso | Actividade asociación cinexética | 600,00 |
| Sociedade de Caza Virxe da Cela | Actividade asociación cinexética | 600,00 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | |
|---|---|---|
| | | |
| IMPORTE IMPUTADO A ESTA APLICACIÓN | | **11.900,00** |
| | | |
| TOTAL | | **53.578,00** |

A Concelleira e os Concelleiros expresan a súa conformidade e o Sr. Alcalde declara que a proposta modificada queda aprobada por unanimidade de todos os asistentes”

A Voceira do PP, D.ª M.ª Belén Salido Maroño, pide a palabra e manifesta que eles, neste punto, simplemente dicir, para que conste en acta, que esta proposta que trouxeron ao pleno, da que se alegran, que é unha satisfacción, que saia adiante co acordo de todos os grupos. Que cre que, como en esta ocasión se presentou esta proposta por parte do Grupo Popular, pois dicir simplemente que o Grupo Popular vai apoiar sempre as propostas que sexan favorables para os veciños, ou Monfero, para que se mellore o que hai, porque, como xa dixeron o outro día na Comisión de Contas, a proposta que presentaba a Alcaldía era unha proposta continuista, que vían que era necesario darlle unha volta aos importes das subvencións das festas e que se siga mellorando o que temos e que non decaian as nosas costumes. E que o Grupo de Goberno os encontrará sempre que queiran mellorar as cousas, que aí estarán apoiando.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto votación. Vótase. O resultado é que o ditame da Comisión Especial de Contas transcrito, adoptado ao punto segundo da sesión celebrada o día 18 de abril de 2024, é aprobado polo Pleno co voto a favor de todos os membros da Corporación. Xa que logo, o Sr. Alcalde así o declara.

**8. APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚM. 4/2024**

O Sr. Alcalde manifesta que este punto tamén se debateu xa o outro día na Comisión, que se trata da achega aos plans provinciais e catro cousas máis da parte que corresponde achegar, que xa se debateu o outro día e que houbo acordo, como no das bases de execución.

O ditame da Comisión Especial de Contas do día 18 de abril de 2024 respecto deste punto, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria do Pleno á Sra. Concelleira do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbense literalmente a continuación:

“3. DITAME SOBRE O EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS 04/2024

O Sr. Alcalde da conta de que existe un erro por exceso no importe da aplicación orzamentaria relacionada en primeiro lugar, por duplicidades no seu cálculo, que permite reducila sen consecuencias e asumir así as diferencias que se precisan para facer fronte ás cantidades necesarias para os incrementos de gasto derivados do acordado no punto anterior, sen que se precisen novos informes de intervención nin sobre o cumprimento das regras fiscais ao non variar os importes globais, e informa sobre as diferentes finalidades do expediente de modificación de créditos ao que se refire este punto, en termos similares aos da súa proposta de acordo e memoria

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

explicativa da Alcaldía con respecto a el, que le parcialmente, que constan debidamente asinadas no correspondente electrónico e que, corrixida a primeira de acordo co exposto neste parágrafo e coa conformidade de todos os asistentes, se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO DA ALCALDÍA

Logo de ver o expediente tramitado para a modificación do orzamento, a memoria xustificativa da Alcaldía, informes de Secretaría-Intervención que constan asinados no correspondente expediente electrónico, e a súa documentación xustificativa, polo importe total de **211.491.50€,** e os preceptos legais de aplicación; e tendo en conta que os novos créditos que se propoñen son necesarios para facer fronte ás obrigas da Corporación de carácter inaprazable que se detallan e xustifican na memoria elaborada por esta Alcaldía, propóñolle á Comisión Especial de Contas que adopte o seguinte acordo:

Informar favorablemente o expediente de modificación de créditos núm. 04/2024 e propoñer ao Pleno da Corporación que adopte os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos número 04/2024, financiado con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do exercicio anterior, de acordo co seguinte:

**A) CRÉDITOS NECESARIOS**

**Altas en aplicacións de gastos**

As aplicacións que deben crearse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

| **Aplicación orzamentaria** | | **Descrición** | **Créditos Extraordinarios** |
|---|---|---|---|
| Programa | Económica | | |
| 231 | 22618 | Concilia verán | 10.868,00 |
| 231 | 22799 | Espazos das familias | 5.000,00 |
| 337 | 22609 | Actividades de lecer (un día no zoo, un día no cine...) | 2.000,00 |
| 341 | 22612 | Programa na neve | 9.000,00 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | |
|---|---|
| - **SUMAN** | **26.868,00** |

**Suplementos en aplicacións de gastos**

As aplicacións que deben suplementarse no Orzamento municipal para facer fronte aos referidos gastos son as seguintes:

| Aplicación orzamentaria | | Descrición | Suplementos de crédito |
|---|---|---|---|
| Programa | Económica | | |
| 1531 | 21300 | Reparación maquinaria | 4.000,00 |
| 1623 | 22709 | Tratamento de residuos | 20.000,00 |
| 341 | 22611 | Relaxamento en augas termais | 3.500,00 |
| 231 | 22799 | Talleres de memoria e mellora da empregabilidade | 2.000,00 |
| 231 | 22799 | Mecanografía, informática, idiomas e outros cursos | 11.000,00 |
| 231 | 23120 | Gastos locomoción | 3.000,00 |
| 231 | 45000 | Transferenc. cortes. Comunidade Autónoma: Xantar na Casa | 5.000,00 |
| 241 | 22199 | Subministracións diversas obradoiro emprego forestal | 10.000,00 |
| 241 | 46200 | Achegas obradoiros emprego | 6.000,00 |
| 311 | 22799 | Outros traballos realizados por outras empresas e profesionais (lacería) | 2.000,00 |
| 312 | 21200 | Rep. mant. e conser. edificios e outras construc Centro Saúde | 4.000,00 |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

| | | | |
|---|---|---|---|
| 323 | 21200 | Reparación escolas | 8.000,00 |
| 323 | 22700 | Servizo complementario limpeza CPI | 1.200,00 |
| 337 | 22615 | Cabalgata Reis | 1.300,00 |
| 337 | 22618 | Festa entroido | 1.000,00 |
| 341 | 22300 | Transporte actividades deportivas | 10.000,00 |
| 341 | 22609 | Actividades deportivas | 20.000,00 |
| 334 | 48000 | Subvención nominativas | 3.089,00 |
| 338 | 48000 | Subvención nominativas | 14.488,00 |
| 341 | 48000 | Subvención nominativas | 5.200,00 |
| 342 | 21200 | Rep. mant. e conserv. edificios e outras constru. | 5.000,00 |
| 453 | 61100 | Achega POS+ 2023 | 2.410,49 |
| 453 | 61100 | Achega POS+ Ad2B/2023 | 12.364,85 |
| 453 | 61100 | Achega POS + 2024 | 11.206,90 |
| 453 | 61100 | Achega Agader 2023-2024 (anualidade 24) | 10.251,32 |
| 453 | 61100 | Achega Agader 2024-2025 (anualidade 24) | 8.612,94 |
| - | **SUMAN** | | **184.623.50** |

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible

CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

**TOTAL** CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS E SUPLEMENTOS DE CRÉDITO **211.491,50**€

## B) FINANCIAMENTO

O importe dos gastos anteriores fináncianse con cargo ao remanente líquido de tesourería dispoñible procedente da liquidación do exercicio anterior, polo que a operación queda nivelada e sen déficit inicial.

Introdúcense no orzamento de ingresos as seguintes modificacións:

| SUBCONCEPTO | | IMPORTE |
|---|---|---|
| 2024.0.0.0.87000 | REMANENTE DE TESOURERIA PARA GASTOS XERAIS | 211.491.50€ |
| | **TOTAL............................................** | **211.491.50€** |

2.- Continuar a tramitación do expediente de acordo co disposto polo art. 177 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei 39/1988, reguladora das facendas locais, e as demais normas de aplicación, coa inmediata exposición ao público para os efectos das reclamacións.

3.- No suposto de que non se presenten reclamacións durante o prazo de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o expediente. Deberase, pois, proceder á publicación da aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios municipal.

O Alcalde
Andrés Feal Varela"

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde pregunta se están todos de acordo. A Concelleira e os Concelleiros expresan a súa conformidade. Xa que logo, o Sr. Alcalde declara que a proposta é aprobada por unanimidade."

Non se producen intervencións. O Sr. Alcalde anuncia que vai someter o asunto votación. Vótase. O resultado é que o ditame da Comisión Especial de Contas transcrito, adoptado ao punto terceiro da sesión celebrada o día 18 de abril de 2024, é aprobado polo Pleno co voto a favor de todos os membros da Corporación. Xa que logo, o Sr. Alcalde así o declara.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás once horas e sete minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo.

O Alcalde O Secretario

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

FIRMADO POR BALDOMERO BECEIRO ALONSO (FECHA: 30/04/2024 09:33:38) , ANDRES FEAL VARELA (FECHA: 30/04/2024 12:50:55) ,
Sello de tiempo TS@ - @firma (FECHA: 30/04/2024 12:50:56)
Versión imprimible
CVD: utbW/nY0Aj4kZxwb51Ll
Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.